

2.ª edición

PREMIO INTERNACIONAL AFUNDACIÓN DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA



En consonancia co carácter educativo da nosa entidade e a súa vontade de impulsar a educación como materia científica capaz de contribuír moi significativamente ao desenvolvemento das persoas e dos pobos e ao fomento do pensamento na devandita materia, Afundación convoca a segunda edición do que en adiante se denominará «Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa».

O premio, de carácter bienal, ten como obxectivo recoñecer a traxectoria de persoas destacadas polas súas achegas á investigación en educación, en calquera dos seus niveis, dimensións ou modalidades, tanto formais como non formais.

O premio que aquí se regula estará sometido á lexislación vixente en España, así como ás deducións e retencións que a normativa fiscal indique. Será compatible con calquera outro que puidera gozar o/a candidato/a, coa percepción de calquera outra axuda, bolsa ou subvención, así como coa concorrencia a calquera outra convocatoria.

A sentenza do Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa corresponderá ao xurado que se nomee ao efecto e que se renovará en cada convocatoria. Todas as candidaturas que cumpran os requisitos, a xuízo de Afundación, serán aceptadas e pasarán a ser examinadas polo xurado. Non existirá proceso eliminatorio previo.

Toda a información relativa ao premio, bases da convocatoria e modelo de solicitude publicarase no sitio web de Afundación.

BASES

1. Publícanse as bases da segunda edición do Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa. Este premio ten o obxectivo de recoñecer a traxectoria de persoas destacadas, que, ao longo da súa carreira, realízen achegas significativas e transformadoras no campo da innovación en educación, contribuíndo ao

avance e á mellora continua dos procesos de ensino e aprendizaxe en calquera dos seus niveis, dimensións ou modalidades, tanto formais como non formais. No marco do obxectivo do premio, expónse galardoar a traxectoria de investigadores/as que inspiren e lideren cambios que melloren a calidade e a relevancia da educación, identificando novas ideas, métodos ou enfoques que permitan contornas de aprendizaxe máis estimulantes, efectivas e equitativas para o estudante, xerando un impacto significativo na transformación dos sistemas educativos.

2. É condición imprescindible para que a candidatura sexa apta para optar a este premio que a persoa proposta conte cunha traxectoria sólida adecuada á finalidade do mesmo, que reflecta o seu compromiso coa innovación educativa e que as súas contribucións sexan significativas neste campo. Poderanse presentar candidaturas con menor traxectoria, mais de gran relevo pola súa achega á ciencia.

3. Será un organismo, universidade, sociedade científica, asociación, grupo ou rede de investigación educativa debidamente acreditada/o quen presente un/unha candidato/a por edición. A proposta da candidatura farase cumprimentando o formulario oficial que estará dispoñible na páxina web de Afundación.

4. As candidaturas, que deberán ser presentadas por quen ostente a representación da institución, asociación, sociedade, grupo ou rede de investigación, acompañaranse coa documentación requirida para xustificar os méritos máis relevantes da persoa proposta, que necesariamente deberá incluír:

- Nome do/da candidato/a: nome completo, enderezo de correo electrónico, domicilio e un teléfono móbil de contacto.
- Resumo de méritos: este apartado representa o núcleo principal da candidatura. Nel enumeraranse os méritos do/da candidato/a.

//Afundación

Obra Social ABANCA

- Cartas de referencia: deberanse achegar como mínimo 3 cartas de persoas que coñezan os méritos do/da candidato/a, en relación cos requisitos do premio. Para evitar posibles conflitos de interese, desaconséllase que os/as propoñentes, sexan persoas ou institucións, teñan unha relación profesional directa co/a candidato/a.
 - Memoria xustificativa na que se resalten os méritos que o/a candidato/a reúne para o premio, que deberá incluír unha descrición máis detallada da súa biografía e a xustificación dos devanditos méritos.
 - Resumo do currículo do/da candidato/a cunha extensión máxima de 10 páxinas (adicionalmente poderase presentar un currículo completo).
 - Poderanse achegar *artifacts* como evidencias tanxibles que demostran o cumprimento dos méritos establecidos na convocatoria, podendo incluír documentos, traballos, mostras de proxectos, etc. que contribúan a avaliar de forma máis concreta os logros e o impacto do/da candidato/a.
 - Calquera outra documentación que se considere relevante.
5. Toda a documentación requirida para propoñer a candidatura ao premio poderá ser presentada en lingua galega, castelá ou inglesa.
6. O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir da data de publicación das presentes bases e terminará o 28 de febreiro de 2026. Non poderá presentarse documentación adicional unha vez finalizado devandito prazo, salvo aquela que sexa requirida por Afundación. A documentación presentada non será devolta.
7. O xurado encargado de resolver a convocatoria será nomeado por Afundación, así como o seu/a súa presidente/a, actuará con plena autonomía e absoluta independencia e estará composto por cinco (5) destacadas personalidades do ámbito educativo. Ademais do xurado, Afundación designará tamén un/unha secretario/a (que terá voz, pero non voto), para os efectos de elaborar e rexistrar a correspondente acta.
8. O xurado reunirse unha vez finalizado o prazo de recepción de candidaturas, e a sentenza do premio realizarase no transcurso de 2026. Con posterioridade, levarase a cabo a entrega do premio nun acto público, en Galicia, ao longo de 2027.
9. O Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa será convocado cunha periodicidade bienal e terá unha dotación de 12 000 (doce mil) euros

e diploma acreditativo. A aceptación do premio levará parello a realización dun traballo sobre o tema de especialización do/da premiado/a, de entre 20 e 25 páxinas, a dobre espazo e de acordo co manual de estilo da American Psychological Association (APA), última edición. Afundación resérvase o dereito de publicación do devandito traballo.

10. O xurado terá potestade para resolver cantas dúbidas poidan presentarse na interpretación destas bases e/ou no desenvolvemento da convocatoria ou situacións non previstas nas mesmas. A sentenza do premio será discrecional e inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio se así o estima.

11. Esta convocatoria farase pública na páxina web de Afundación, independentemente de que o seu anuncio se difunda tamén en revistas e publicacións científicas internacionais, e nos medios de comunicación que a entidade considere oportunos.

12. O acto de entrega do premio será decidido por Afundación e oportunamente comunicado. A persoa premiada estará presente no acto de entrega ou, en caso de non poder asistir, enviará ao acto outra na súa representación.

13. As persoas galardoadas poderán facer publicidade da devandita condición en cabeceiras e anuncios, especificando o ano en que foron premiadas, así como publicar ou difundir a concesión do premio en calquera medio de comunicación.

A presentación de candidaturas implica o coñecemento e a total aceptación destas bases.

MÉRITOS A TER EN CONTA NAS CANDIDATURAS PRESENTADAS AO PREMIO

É imprescindible que a candidatura proposta demostre unha traxectoria destacada na innovación educativa.

- Traxectoria de investigación.
- Traxectoria docente.
- Publicación de libros e/ou monografías en editoriais de prestixio.
- Publicación de artigos en revistas científicamente acreditadas.
- Impacto das publicacións científicas ou, no seu caso, das técnicas ou estratexias de innovación educativa.
- Dirección e participación en investigacións destacadas.

//Afundación

Obra Social ABANCA

- Dirección de teses doutorais.
- Organización de congresos e/ou seminarios de relevancia internacional.
- Premios recibidos.

Traxectoria de investigación

Alcance e impacto das contribucións científicas no campo da educación.

Colaboracións internacionais e participación en redes de investigación.

Estadías de investigación en centros de prestixio.

Recoñecementos e acreditacións da actividade investigadora por axencias nacionais e internacionais.

Contribución á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe en diferentes contextos.

Publicacións de libros e /ou monografías

Publicación de libros e/ou monografías en editoriais de prestixio.

Impacto e difusión das obras (citacións, traducións, reedicións).

Publicación de artigos en revistas científicamente acreditadas

Número de artigos publicados en revistas indexadas en JCR, Scopus ou outros índices de calidade recoñecidos no ámbito educativo.

Impacto das publicacións e das técnicas ou estratexias de innovación educativa.

Análise cualitativa do impacto das publicacións máis relevantes no campo educativo.

Desenvolvemento e implementación de estratexias innovadoras en educación con impacto demostrable.

Dirección e participación en investigacións relevantes

Número e relevancia de proxectos de investigación dirixidos.

Resultados e impacto das investigacións realizadas.

Actividades de transferencia de coñecemento á sociedade e ás políticas educativas.

Impulso de enfoques que integren perspectivas, teorías ou métodos de diferentes disciplinas para abordar desafíos educativos.

Traxectoria docente

Anos de experiencia docente en educación superior, con especial énfase na dedicación a tempo completo.

Diversidade de materias e niveis impartidos (grao, máster, doutoramento).

Desenvolvemento e implementación de proxectos de innovación docente.

Dirección de traballos fin de grao, traballos fin de máster e outros proxectos académicos.

Cargos de xestión universitaria relacionados coa investigación ou a docencia.

Dirección de teses doutorais

Número de teses doutorais dirixidas e defendidas.

Contribución á formación de novos/as investigadores/as e profesionais no campo da innovación educativa.

Organización de congresos e/ou seminarios de relevancia internacional

Número e relevancia de congresos internacionais organizados.

Impacto e repercusión dos eventos na comunidade científica.

Premios e recoñecementos

Recoñecementos por parte de institucións educativas ou científicas de prestixio.

Membresía en academias ou sociedades científicas de recoñecido prestixio.

Para a avaliación destes méritos, teranse en consideración tanto aspectos cuantitativos como cualitativos, seguindo as recomendacións da Declaración de San Francisco sobre a Avaliación da Investigación (DORA). Valorarase o contido e a calidade das contribucións por enriba de métricas baseadas unicamente no factor de impacto das revistas.

Ademais, considerarase relevante o impacto social e a importancia das contribucións na mellora da educación a nivel global.

Protección de datos de carácter persoal

Quen é responsable do tratamento dos datos?

É a Fundación Galicia Obra Social (Afundación, en diante), con domicilio na Coruña, Cantón Grande núm. 8 da Coruña, C P 15003 e NIF: G 70270293, a responsable do tratamento dos datos.

En Afundación contamos cun delegado de Protección de Datos co seguinte enderezo: rgpd@afundacion.org

Como obtemos os datos persoais?

Afundación tratará os datos facilitados con motivo da inscrición e participación no Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa, así como aqueles xerados ou achegados no desenvolvemento do mesmo. O organismo, universidade, sociedade científica, asociación, grupo ou rede de investigación educativa encargada/o de presentar as candidaturas deberá asegurarse de obter o consentimento, se procede, da persoa candidata ou candidatas propostas.

Para que tratamos os datos persoais?

O tratamento dos datos persoais persegue as seguintes finalidades:

- Xestionar e tramitar a participación no Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa, o que incluírá:
 - » O desenvolvemento e normal funcionamento do mesmo conforme o previsto nas presentes bases.
 - » A comunicación do/da gañador/a.
 - » A celebración e entrega dos premios de acordo co establecido nestas bases.
- En caso de resultar gañador/a do premio:
 - » Dar a coñecer a existencia e o resultado do mesmo, coa publicación do nome da persoa gañadora na web corporativa de Afundación, nos *e-mails* que se remitirán ás inscritas no premio, así coma en calquera medio de comunicación que Afundación considere oportuno (incluíndo as súas propias redes sociais).
 - » Realizar actividades de difusión, promocionais ou de *marketing* relacionadas co Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa en calquera medio (por exemplo, radio, anuncios, carteis, folletos, etc.).

Cal é a base legal para o tratamento de datos?

As bases xurídicas que lexítiman os tratamentos antes referidos son:

- O cumprimento dun contrato, contido nas presentes Bases Legais de Participación.
- O cumprimento legal, derivado de todas aquelas obrigas impostas a Afundación para o desenvolvemento do Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa.

- O cumprimento dun interese lexítimo de Afundación, á hora de remitir comunicacións comerciais, promocionais ou de *marketing*.

Por canto tempo conservamos os datos?

Os datos persoais obtidos durante a substanciación do Premio Internacional Afundación de Investigación Educativa serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coas finalidades indicadas no anterior apartado.

Para que tratamos os datos persoais?

Unha vez cumpridas as citadas finalidades, os datos serán bloqueados conforme o disposto na normativa, o que implica que estarán dispoñibles tan só para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou a solicitude de xuízos e tribunais, o Ministerio Fiscal ou as administracións públicas competentes durante os prazos de prescrición legal, especialmente os relacionados coas esixencias fiscais e tributarias. Transcorridos os devanditos prazos, os datos serán eliminados.

Cales son os dereitos recoñecidos?

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación acerca de se se está a proceder ao tratamento de datos persoais que lle concirnan, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos ou opoñerse ao tratamento dos mesmos, nese caso, unicamente os conservará Afundación para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Para todo iso, os/as usuarios/as poderán dirixir unha comunicación por escrito ao Comité de privacidade: r/ Santo Andrés, 135-137, 2.ª, 15003 da Coruña, ou remitir un correo ao enderezo rgpd@afundacion.org incluíndo, en ambos os casos, unha copia do documento nacional de identidade ou documentación acreditativa equivalente. En caso de que desexa exercer o dereito de portabilidade, facilitaranse eses datos ao/á novo/a responsable.

Á súa vez, queda recoñecido o dereito a presentar unha reclamación ante unha autoridade de control competente, en particular en España perante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), no enderezo postal r/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, ou a través da súa sede electrónica.